



Participación

en tempos de distancia social

A distancia social e outras medidas necesarias para o control da pandemia da COVID19 están a esixirnos cambios e adaptacións nos nosos modos de traballar, de relacionarnos e de vivir. Os procesos de participación tamén deben adaptarse. Sería un erro prescindir da participación neste momento, xa que seguimos precisando coordinar actuacións, comprometernos e corresponsabilizarnos de forma inclusiva e optimizar os recursos, se cadra agora un pouco máis.

En Cidadanía levamos vinte anos acompañando procesos participativos. En todo este tempo, fomos testando e desenvolvendo diferentes metodoloxías que agora temos que revisar, para facelas compatibles co coidado da saúde de todas e todos. Neste texto, queremos compartir algunhas das estratexias que levaremos adiante nos próximos meses nos procesos participativos nos que estamos implicadas.

Espazos presenciais en formatos reducidos

Sabemos que existen moitas tecnoloxías a disposición, pero cremos que non se debe prescindir dos espazos presenciais.

O contacto persoal e directo axuda a comunicarnos mellor, a tecer lazos de confianza e a identificarnos e implicarnos nos procesos. Ademais, os espazos presenciais son accesibles para aquelas persoas que non dominan as novas tecnoloxías ou non contan cos recursos necesarios para manexalas con fluidez. Supoñen, en principio, menores barreiras de acceso.

Por iso cremos que estes espazos son necesarios, se ben teremos que desenvolvelos prioritariamente en formatos reducidos, é dicir, en grupos pequenos.

O tamaño pode ser de 10 ou 15 persoas. Nalgúns casos, cando se conte con espazos que permitan manter con garantías as distancias, tanto na entrada e saída como durante as propias reunións, o número pode ser algo maior.

Por outra parte, ademais de dispoñernos preferiblemente en círculo ou semicírculo, de usar paneis, de levar unha correcta moderación que axude á dinámica participativa, imos ter que prestar atención ás medidas de seguridade, incorporando protocolos que inclúan, por exemplo:

- Preparación previa dos espazos: sinalética de separación e coas instrucións a seguir, disposición das cadeiras, etc.
- Control do aforo, a través de inscrición e confirmación de asistencia.
- No caso de precisar megafonía, usar o micro a certa distancia e sen ter que tocalo, por exemplo, poñendo a disposición un atril.
- Posta a disposición de material como follas de sinaturas individuais, bolígrafos de uso persoal intransferible, etc.

Teremos tamén que atender con máis énfase o clima grupal, xa que todas as medidas de precaución poden reducir a espontaneidade ou causar medos.

Debemos ser quen de compensar a distancia física con algún xogo ou dinámica que cohesione e relaxe ao grupo para que todo o mundo se sinta cómodo e disposto a participar activamente.

Streaming

Para aumentar o alcance das sesións e chegar a máis persoas, cremos útil retransmitilas en directo por algunha canle accesible e habilitar un chat que permita ás persoas facer preguntas desde a súa casa.

Para isto precisaremos algúns medios técnicos para a propia retransmisión (cámaras ou mesmo unha pequena realización) e unha persoa de apoio á moderación das reunións, que estea pendente da participación en liña e dea entrada ás preguntas e achegas que poidan facerse a través deste chat.

Cremos importante que as tecnoloxías que se empreguen para conectarse en steaming e para usar o chat sexan:

- o máis habituais posible, de forma que non supoñan unha barreira de entrada (usar ferramentas de uso moi común, coma un navegador ou algunha rede social, coma youtube)
- tamén cremos que é preferible que non esixan descargar aplicacións ou ter que crearse contas persoais
- se existe unha solucións en software libre, mellor que as de carácter privativo.

Documentos e vídeos divulgativos

Outra das estratexias interesantes é facer vídeos e documentos resumo que nos servirán para chegar a máis xente, compartir o falado nas reunións e mesmo poñer en común aspectos que teñan sido abordados en diferentes grupos.

Tanto os vídeos como os documentos deben ser claros, curtos e atractivos, para non saturar de información e facilitar a súa lectura ou visionado.

Unha das potencialidades tamén moi interesantes dos documentos ou vídeos é o feito de seren eles mesmos un visible produto colectivo, que incorpore e recoñeza as diferentes achegas, aglutinando e cohesionando ás diferentes persoas e entidades participantes, que ao mellor non tiveron a oportunidade de estar xuntas.

O importante é falar

Moitas veces, para implicar ás persoas nun proceso, para recoller as necesidades sentidas, as ideas, inquedanzas ou propostas e mesmo para activar ás persoas quen dinamiza un proceso debe simplemente falar coa xente.

A conversa pode manterse persoalmente, por teléfono, por videoconferencia, por correo electrónico, a través dalgún chat ou, case sempre, cunha combinación de varias destas canles, tratando de adaptarse ás ferramenta de uso máis común para cada persoa e elixíndoas en función da complexidade do tema que haxa que abordar.

Por sorte, as conversas entre dúas ou tres persoas son fáciles de articular mantendo a distancia e a seguridade. Ademais, o teléfono é tamén unha poderosa ferramenta que xa temos moi interiorizada. Así que, nestes tempos, cómpre tirar todo o proveito desta eficaz forma de dinamizar a participación.

En todas estas liña de traballo cómpre ir incorporando o respecto ás diferentes normas das que a sociedade se vaia dotando e aplicar con sentido común os nosos principios da economía social, abrigando a participación democrática con máis coidado, respecto e axuda cara ás demais persoas e maior apelación á corresponsabilidade.